



Descrición

Trátase dun pozo rectangular de cadeirado en fiadas utilizado antigamente para almacenar neve durante o inverno co fin de producir xeo.

A neve recollida levábase á neveira, unha vez alí, os traballadores compactábana cuns mazos chamados pisóns. A neve que se pisaba no interior da neveira ía disposta en capas duns 50 ou 60 cm. De grosor para que no verán, cando se fose a buscar, fose máis sinxelo cortar os bloques de xeo. Entre as capas de neve e as paredes de pedra da estrutura, púñase palla que funcionaba a xeito de illante e impedía que se formase un gran bloque de xeo imposible despois de torar.

A devandita neveira pertenceu ao mosteiro cisterciense de Oseira e o xeo obtido era levado ao porto de Marín para conservalo peixe. Tanto Caroi como Marín eran cotos deste mosteiro.

Adscrición cultural

Sen definir

Tipoloxía

Neveira

LOCALIZACIÓN

Parroquia

Caroi

Lugar

A Cimadevila, Monte do Seixo

Coordenadas UTMT29 ETRS89

X: 550278 Y: 4702782

Coordenadas WGS84

Lonxitude: -8.389873 O

Latitude: 42.473828 N

